



BOP

MÉRCORES, 27 DE ABRIL DE 2022

N.º 095

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INTERVENCIÓN

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de abril de dous mil vinte e dous, a "**Corrección de erros da modificación de crédito aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria de 5 de abril de 2022**", expónse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións á mesma. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobada.

Lugo, vinte e seis de abril de dous mil vinte e dous.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0995

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRES POSTOS DE TRABAJO.

- Posto: Tres Auxiliares de Axuda no Fogar.
- Especialidade: Auxiliar de axuda no fogar, grupo de cotización 10.
- Modalidade contractual: Contrato laboral temporal a tempo completo.
- Duración prevista do contrato: Contrato eventual por circunstancias da produción, duración de seis meses.
- Requisitos: Estar en posesión de carne de conducir B , e os esixidos con carácter xeral na lexislación vixente.
- Criterios de selección: Os establecidos nas Bases Xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Concello de Baleira, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 292, de 22 de decembro de 2010.
- Prazo de presentación de instancias: Cinco días hábiles dende o seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- Data e lugar da entrevista prevista nas Bases: O día 9 de maio as 10:00 horas, no Concello de Baleira. A entrevista realizarase mediante unha proba escrita na que se evaluarán contidos relacionados co posto de traballo a desempeñar.

Tribunal cualificador:

- Presidenta: M^a Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira
- Secretaria: Sandra Neira Gómez, Secretaria-Interventora Acctal. do Concello de Baleira.
- Vocais: Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira.

Alberto Alonso Fernández. Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira.

Baleira, 21 de abril de 2022.- O Alcalde, Angel Enrique Martinez-Puga López.

R. 0944

CARBALLEDO*Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2022 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó primeiro trimestre do exercicio 2022.

O importe total do padrón ascende a DOCE MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS E CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (12.233,44€), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 30 de abril de 2022 ao 30 de xuño de 2022** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resumo do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 1º trimestre 2022.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 606

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 9.038,70€; IVE: 903,87€; Canon Xunta Cota fixa: 1.230,72€; Canon Xunta Cota Variable: 1.060,15€. Total importe padrón: 12.233,44€.

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 19 de abril de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0945

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio***RESOLUCION DE ALCALDIA DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Faise público que por esta Alcaldía con data 21/04/2022, ditouse a seguinte resolución, que literalmente di o que segue:

Visto que con data 4/11/2019 se adoptou acordo de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local (XGL), do que se deu conta ao Pleno de data 27/12/2019 polo que se lle atribuían á XGL as seguintes competencias:

1. O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado e dispoñer gastos dentro dos límites da competencia da Alcaldía, a excepción dos derivados de expedientes de contratación e subvencións e a aprobación de nóminas, recoñecemento de obrigas e a aprobación de certificacións de obras e facturas, así como dos documentos que verifiquen a recepción das subministracións ou, de selo o caso, a confirmación da prestación dos servizos.
2. As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

3. O outorgamento das licenzas e toma de razón de comunicacións previas salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local e a aprobación das liquidacións tributarias que conleven. Exceptúanse os permisos referidos a festexos populares e acampadas cuxo outorgamento sexa competencia da Alcaldía.
4. A aprobación de padróns fiscais e listas cobratorias.
5. A cancelación e devolución de avais e fianzas.

Vista a xestión diaria do Concello, é preciso modificar ditas competencias en aras de lograr unha maior axilidade administrativa. A estes efectos, de conformidade co disposto nos artigos 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, a Alcaldesa poderá delegar as súas atribucións, salvo as referidas nos artigos 21.3 e 71 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, a favor da XGL, en canto órgano colexiado. As delegacións realizaranse mediante Decreto de Alcaldía con dación de conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do disposto nos artigos 44 e 45 do ROF.

Á vista do exposto, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Modificar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local que quedarían como segue:

1. O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado e dispoñer gastos dentro dos límites da competencia da Alcaldía -a excepción dos derivados de expedientes de contratación e subvencións e a aprobación de nóminas-, o recoñecemento de obrigas e a aprobación de certificacións de obras e facturas, así como dos documentos que verifiquen a recepción das subministracións ou, de selo o caso, a confirmación da prestación dos servizos.
2. As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
3. O outorgamento das licenzas e toma de razón de comunicacións previas salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local e a aprobación das liquidacións tributarias que conleven. Exceptúanse os permisos referidos a festexos populares e acampadas cuxo outorgamento sexa competencia da Alcaldía.
4. A cancelación e devolución de avais e fianzas.

SEGUNDO.- Dar conta a presente Resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre e publicala no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da data en que se dicta a mesma.

Folgo do Courel, 21 de abril de 2021.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0946

LOURENZÁ

Anuncio

En sesión celebrada o día 21 de abril de 2022, o Pleno do Concello Local adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o "Proxecto de Análise, Descrición, Clasificación, Ordenación e Valoración de Postos de Traballo e confección da Relación de Postos de Traballo(RPT)" do Concello de Lourenzá, de acordo cos antecedentes que obran no expediente e que figuran recollidos nos anexos que se achegan coa proposta.

SEGUNDO.-Someter o expediente do Proxecto de Análise, Descrición, Clasificación, Ordenación e Valoración de Postos de Traballo e confección da Relación de Postos de Traballo(RPT) do Concello de Lourenzá a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días, para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións.

O prazo de vinte días iniciarase ao día seguinte da publicación do anuncio no BOP. Se durante o prazo establecido non se presentasen alegación, reclamacións ou suxestións, o acordo considerárase definitivamente aprobado, no caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, poderán examinar a documentación e presentar alegacións, reclamacións ou suxestións na Secretaría do Concello.

Lourenzá, 21 de abril do 2022.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0957

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 21/04/22 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao primeiro trimestre do 2022, expone ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 2 ó 20 de maio do 2022.

Lourenzá, 21 de abril do 2022.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 0958

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 4094/2022 do 12/04/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Arquitecto/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 13/548 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018)

- Polo Decreto Nº 7326/2020 DO 19/11/2020 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso a dúas prazas de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2018), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 13/548 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de novembro de 2020.

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 286, do 14 de decembro de 2020, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 31, de 16 de febreiro de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 61 do 12 de marzo de 2021.

- Con data do 14 de abril de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros o acordo 14/109 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018)

- Polo Decreto Nº 2591/2022 do 09/03/2022 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 7326/2020 DO 19/11/2020, para o acceso a dúas prazas de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2018)

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo nº 065 do 21 de marzo de 2022.

- Con data do 4 de abril de 2022 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo 5/201 MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO

SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018)

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 12 de abril de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante o proceso selectivo se dará tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire ás relacións de admitidas/os e excluídas/os, aos chamamentos aos exercicios e á relación de aprobadas/os. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas/os as/os candidatas/os que superaran todas as probas selectivas, ordenadas/os pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participasen.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Cuarto.- Durante o prazo de emendas e, no que se refire á convocatoria dunha praza de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario, (OEP 2018), foron presentadas por dona María Carmen Rodríguez Geadá, dona Lucía Sobral Viñas e don Santiago Tarrío Goy, solicitudes de subsanación aportando a documentación requerida.

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 12 de abril de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 7326/2020 DO 19/11/2020 no que se refire a unha praza de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario, (OEP 2018), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
AGUADO GOMEZ, CRISTINA	***9338**
ALONSO CARRASCO, JOSE MARIA	***3585**
BANHOS MARTINS, MARINHA CONSTANZA	***9025**
BLANCO BOUBETA, JOSE ALBERTO	***4883**
BOROBIO SANCHIZ, MANUEL	***5434**
BRANDARIZ BLANCO, JORGE	***0871**

CASANOVA ADAN, ALICIA	***7814**
COTOYA DIAZ, VANESA	***3964**
DEVESA PIÑEIRO, ISABEL	***3736**
DIAZ RODRIGUEZ, NOARA	***8272**
FERNANDEZ ABAD, INES	***3807**
FERNANDEZ CARRIN, ANDREA	***4182**
FERNANDEZ RIVERA, SARA	***5831**
FERREIRO LONGARELA, ALEJANDRA	***3237**
GARABAL FERNANDEZ, JESUS	***4206**
GONZALEZ GARCIA, LORENA	***8116**
LOUZAO PERNAS, MARIA DE LA CRUZ	***0785**
MAGDALENA NOGUEIRA, JOSE	***5988**
MONTERO GONZALEZ, MARIA	***8847**
MOSQUERA AMADO, MANUELA	***4671**
NUÑEZ FERNANDEZ, JENNIFER	***4770**
PASARIN CASTRO, PABLO RICARDO	***5309**
PATIÑO LOPEZ, NOELIA MARIA	***6179**
PEREZ LOUSAME, CARLOS	***3111**
PEREZ VAZQUEZ, AGUSTIN	***8241**
PUEYO VARELA, MANUEL	***1684**
RIVEIRA FOMPEDRIÑA, TANIA	***5099**
RODRIGUEZ GEADA, MARIA CARMEN	***2874**
RODRIGUEZ NOVO, MARTA	***2924**
RODRIGUEZ VAAMONDE, MARIA DEL MAR	***0265**
RUIZ VALENCIA, ALBERTO	***0836**
SANCHEZ ESPÍNEIRA, LUIS	***7165**
SANTIAGO CAMIÑO, BRAIS	***0876**
SOBRAL VIÑAS, LUCIA	***1825**
SOUTO DOMINGUEZ, FATIMA	***6016**
TARRIO GOY, SANTIAGO	***5147**
VARELA FERNANDEZ, RICARDO	***9789**

VAZQUEZ HIEBRA, VICTOR HUGO	***3639**
-----------------------------	-----------

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo exclusión
JUAREZ PEREZ, MARIA DE LOS ANGELES	***6388* *	- Non aportar copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea. -Non aportar xustificante de aboamento de taxas de acordo co artigo 7º.2 da Ordenanza Fiscal núm. 119
LOPEZ LOPEZ, ALEJANDRO	***4887* *	Presentar unha titulación de grado sen aportar título de máster.
USABIAGA GOMEZ, JOSE MANUEL	***1908* *	Presentar unha titulación de grado sen aportar título de máster.

Segundo.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 7326/2020 DO 19/11/2020 no que se refire a **unha praza de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2018)**, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
LOPEZ PRADA, MARIA JOSE	***1346**

EXCLUIDOS/AS

Ningún.

Terceiro.- Facer público que, segundo o acordo 5/201 MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018), adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de abril de 2022, o tribunal cualificador estará composto do seguinte xeito:

Presidente

- Don Francisco Manuel Moreda Gil, Arquitecto do Concello de Ribadeo

Suplente: D. Pablo Rodríguez Fernández, Arquitecto do Concello de Betanzos

Vogais

- Don Martín Cerrada Álvarez, Arquitecto municipal do Concello de Ribeira

Suplente: D.ª Beatriz Moar Ulloa, Xefa de Servizo de Edificación do Concello da Coruña

- Don Antonio Vizoso Hermida, Arquitecto do Concello de Foz

Suplente: Dona Susana Penedo Souto, Arquitecta do Concello de Lugo

- Dona Fernanda Montero Parapar, secretaria do Concello de Silleda.

Suplente: D. Antonio Rodríguez Fabello, Arquitecto municipal do Concello de Cedeira

Secretario:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez. Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Cuarto.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal do seguinte xeito:

Data: 4 de maio de 2022

Hora: 16:30 horas.

Lugar: Centro de Convivencia Fingoi, sito na Rúa Aviación Española, nº 22 de Lugo.

Quinto.- Fixar a data, hora e lugar de realización do primeiro exercicio do seguinte xeito:

Data: 4 de maio de 2022

Hora: 17:00 horas.

Lugar: Centro de Convivencia Fingoi, sito na Rúa Aviación Española, nº 22 de Lugo.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Sexto.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

R. 0947

Anuncio

DECRETO Nº 4095/2022 do 12/04/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a Arquitecto/a Técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 12/547 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OPE 2017).

- Polo Decreto Nº 7327/2020 DO 19/11/2020 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a Técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017), que se rexerá tanto polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE" publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 12/547 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de novembro de 2020.

O antedito Decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 286, do 14 de decembro de 2020, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 31, de 16 de febreiro de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 61 do 12 de marzo de 2021.

Con data do 14 de abril de 2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o acordo 15/110 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2017)

- Polo Decreto Nº 2592/2022 do 09/03/2022 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 7327/2020 DO 19/11/2020 para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a Técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo nº 065 do 21 de marzo de 2022.

- Con data do 4 de abril de 2022 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo 6/202 MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2017).

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 12 de abril de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Durante o prazo de enmendadas foron presentadas por dona Ana Anido Puente e dona María Isabel Camino Vilariño solicitudes de subsanación aportando a documentación requirida.

Tendo en conta a proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 12 de abril de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 7327/2020 DO 19/11/2020 para o acceso en propiedade a unha praza de Arquitecto/a Técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2017), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
ABELLEIRA LENCE, SUSANA MARIA	***0755**
ABELLEIRA SANCHEZ, PATRICIA	***4688**
ALDAO ALONSO, MARIA VANESA	***1291**
ANIDO PUENTE, ANA	***7809**
BLANCO PUENTE, MARTA	***3993**
CAMESELLE SOUTO, OSCAR	***4200**
CAMINO VILARIÑO, MARIA ISABEL	***2424**
CASTRO DEVESA, MARIA BELEN	***1896**
DEVESA PIÑEIRO, ISABEL	***3736**
EYRE RODRIGUEZ, LAURA	***2123**

GARCIA RODRIGUEZ, CLARA MARIA	***0682**
GARCIA VARELA, PATRICIA	***9707**
GONZALEZ AGUIAR, MONICA	***7042**
GONZALEZ ALVAREZ, DIEGO	***2876**
LOPEZ LOPEZ, MARCOS	***4104**
LOPEZ REAL, MANUEL ANGEL	***1943**
PEDROUZO VAZQUEZ, BEGOÑA	***4306**
PITA MARTINEZ, LAURA	***0029**

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
ALVAREZ FERREIRO, DAVID	***8794**	Presentar a solicitude sen asinar
GONZALEZ ABELLEIRA, LIDIA	***5209**	Presentar a solicitude sen asinar

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo 6/202 MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2017), adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de abril de 2022, o tribunal cualificador estará composto do seguinte xeito:

Presidente

- Don Francisco Manuel Moreda Gil, Arquitecto Concello de Ribadeo

Suplente: D.^a Susana Penedo Souto, Arquitecta do Concello de Lugo

Vogais

- Dona Mónica Carballo Gómez, Xefa de Servizo Unidade Técnica Educación da Xunta de Galicia na Delegación Territorial de Lugo

Suplente: D.^a Beatriz Moar Ulloa, Xefa de Servizo de Edificación do Concello da Coruña

- Don Antonio Vizoso Hermida, Arquitecto do Concello de Foz

Suplente: D. Martín Cerrada Álvarez, Arquitecto municipal de Ribeira

- Don Antonio Rodríguez Fabello, Arquitecto municipal de Cedeira

Suplente: D.^a Fernanda Montero Parapar, Secretaria do Concello de Silleda

Secretario:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal do seguinte xeito:

Data: 11 de maio de 2022

Hora: 16:30 horas

Lugar: Centro de Convivencia Fingoi, sito na Rúa Aviación Española, nº 22 de Lugo.

Cuarto.- Fixar a data, hora e lugar de realización do primeiro exercicio do seguinte xeito:

Data: 11 de maio de 2022

Hora: 17:00 horas

Lugar: Centro de Convivencia Fingoi, sito na Rúa Aviación Española, nº 22 de Lugo.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Quinto.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0948

Anuncio

DECRETO Nº 4195/2022 DO 20/04/2022

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

-A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dezaoto de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 5/584 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020).

-Decreto Nº 8064/2020 do 10/12/2020 polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020).

-Decreto Nº 6350/2021 do 22/07/2021 polo que se resolveu declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020).

-Decreto Nº 8076/2021 do 01/10/2021, polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 5/584 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 18 de novembro de 2020 e modificadas polos acordos 10/431 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 7 de xullo de 2021 e 10/482 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de xullo de 2021.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 239, do 18 de outubro de 2021, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 210, de 2 de novembro de 2021. O anuncio para proveer as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 271 do 12 de novembro de 2021.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 18 de abril de 2022, ACORDA:

PRIMEIRO.- Propoñer o acceso en propiedade a 1 praza de Arquivo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2020) o seguinte aspirante que superou o referido proceso selectivo

- **REY MODIA JESÚS, con DNI nº ***5363** Puntuación total:25,11**

SEGUNDO.- Elevar a citada proposta de nomeamento ó Ilma. Sra Tenente de Alcadesa- Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos de, Excmo Concello de Lugo como autoridade convocante.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e na páxina web municipal, sen prexuízo da posterior publicación no BOP de Lugo por parte da autoridade convocante.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Facer pública a relación do aspirante aprobado no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do

18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, e publicadas integramente no BOP de Lugo número 099, do 2.5.2017.

PRAZA DE ARQUIVERO/A:

- Don Jesús Rey Modia, con DNI nº ***5363**

SEGUNDO.- O opositor aprobado, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0972

PALAS DE REI

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE 11 POSTOS DE PEÓN DE LIMPEZA, 8 PEÓNS A XORNADA COMPLETA E 3 PEÓNS A XORNADA PARCIAL.

BASES DA CONVOCATORIA

1. Obxecto

Visto o PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato laboral temporal de 11 postos de peón de limpeza viaria, 8 peóns a xornada completa e 3 peóns a xornada parcial.

2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:	Peón de limpeza
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Obras

Categoría profesional	10.g
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	8 postos xornada completa e 3 postos parcial 4h

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Laboral Temporal.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	8 a Xornada completa e 3 a Xornada parcial
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	8h/día e 4h/día
Retribución bruta	SMI 2022 e SMI 2022 (50%)

4. Requisitos dos aspirantes

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas: **vida laboral e certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborais ou similares.**

4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

- Estudios primarios

- Permiso de conducir B1

- Tarxeta de demandante de emprego inscrito no Servizo Público de Galicia, a procedencia dos candidatos debe de provir da situación de desemprego ou mellora de emprego.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e sede electrónica do Concello de Palas de Rei.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na sede electrónica do concello.

6. Procedemento selectivo.

6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección info@concellopalasderei.org, un resgado de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso peón de limpeza 401 e/ou peón de limpeza 501.

6.2. Prazo de presentación de instancias.

Tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e dítase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de

conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nun tipo test proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

7. Fase de concurso (Máximo 4 puntos):

Méritos computables: Os establecidos no REGLAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL E BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE PALAS DE REI publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Boletín Número 087, de 17/04/2006

1. Méritos Profesionais

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar: 0,10 puntos

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

2. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, jornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e decir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

3. Formación extraacadémica impartida.

Consideraranse neste apartado os cursos, as conferencias, os seminarios, as comunicacións a congresos, as ponencias, etc. organizados polos organismos públicos e as publicacións.

Por cada hora de curso: 0,05 puntos.

Por conferencia ou ponencia en cursos, seminarios ou xornadas: 0,15 puntos.

Por cada comunicación: 0,10 puntos.

Por cada artigo en revista especializada: 0,40 puntos.

Por cada capítulo de libro: 0,40 puntos/Nº de autores, sin poder exceder de 1 punto.

Por cada libro: 1 punto/Nº de autores.

8.-Fase de oposición (Máximo 6 puntos)

Realizarase unha proba tipo text que elaborará o tribunal segundo o temario que acompaña estas bases como ANEXO I

8.1. Acreditación

Os méritos alegados acreditaranse mediante a copia auténtica dos diplomas ou certificados expedidos polos organismos ou entidades correspondentes.

A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

8.2. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios, da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidato/a para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

9. Constitución de bolsa de emprego

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de concurso e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

10. Incidencias

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello de Palas de Rei.

TEMARIO ANEXO I:

TEMA 1.-Conceptos generales de limpieza

TEMA 2.-Seguridad e higiene: uniformidad, elementos de higiene, elementos de seguridad en el uso de la maquinaria. Condiciones de seguridad de las herramientas manuales. Equipos de protección personal.

TEMA 3.-Sistemas de limpieza, Barrido. Baldeo. Productos de limpieza.

TEMA 4.-Nociones generales sobre la retirada y reciclaje de residuos

TEMA 5. - La constitución española.

Anexo I

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO QUE SE RELACIONA.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI (LUGO)

POSTO DE TRABALLO AO QUE SE PRESENTA

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Tlf.
	e-mail

SOLICITO participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ESIXIDA NAS BASES

- a) Copia do DNI ou pasaporte
- b) Estudos primarios ou equivalente
- c) Copia do Celga 2 ou equivalente

(Para o caso de non acreditar o Certificado Celga, enténdese solicitada a realización da proba de galego).

ACHEGO OS SEGUINTE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (-acreditación-):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- (...)

(Se resultara insuficiente este espazo, engadiranse outros folios, que deberán asinarse).

Engade follas adxuntas á relación de méritos? __ Sí __ NON (marcar con X)
Nº de follas engadidas: ____.

_____, __ de _____ de 2022

Palas de Rei, 21 de abril de 2022.- O Alcalde, Plablo José Taboada Camoira.

R. 0949

VIVEIRO

Anuncio

Por Decreto Da Alcaldía, polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar a bolsa de emprego para a cobertura temporal da praza de oficial/a primeiro/a mecánico/a soldador/a do Concello de Viveiro, procédese á seguinte convocatoria:

Vistas as bases e anexo polas que se establecen un procedemento para a inmediata posta a disposición de persoal no Concello de Viveiro e fixar as normas que rexerán o proceso selectivo para constituir a bolsa de emprego de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal. Número de expediente 2777/2022.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que “(...) *todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico (...)*”.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que “(...) *as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- *Transparencia.*
- *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (...)*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que “(...) *os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto (...)*”

Tendo en conta que para acadar o referido funcionamento eficaz, e en base a criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente de crear unha bolsa de emprego provisional na categoría profesional de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A MECÁNICO/MECÁNICA SOLDADOR/A”, no departamento de obras, aos efectos de contratación con carácter temporal.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

- 1º.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, de carácter aberto.
- 2º.- Aprobar as Bases, e o seu anexo, que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso-oposición ao obxecto da constitución de bolsa de emprego provisionais.
- 3º.- Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases e anexos publicaranse na páxina web do concello (www.viveiro.es), no taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro e no taboleiro de anuncios dixital.
- 4º.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Viveiro, 20 de abril de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0950

Anuncio

Visto o convenio de cooperación da xunta cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, asinado con este Concello.

Visto o Diario Oficial de Galicia N.º 204 de data 22 de outubro de 2021, no que se publica a Orde do 05 de outubro 2021, pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso.

Visto o Diario Oficial de Galicia N.º 8 de data 13 de xaneiro de 2022, no que se publica a Resolución do 11 de xaneiro 2022, pola que se modifica o número de prazas de acceso libre incluídas no proceso selectivo convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre e concurso.

Vista a comunicación da Academia Galega de Seguridade Pública, con número de rexistro neste Concello 2022-ER-2179, na que se nos indica que a persoa que habendo superado o referido proceso selectivo convocado é, Dña. Judit Dopico García, informando, aos efectos do seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas no Corpo de Policía Local e indicando que o curso selectivo comeza o día 27 de abril de 2022.

Visto o informe de data 19 de abril de 2022 emitido polo responsable do departamento de persoal do Concello de Viveiro, que consta no expediente.

Tendo en conta o informe favorable de fiscalización de intervención de data 20 de abril de 2022 que consta no expediente, así como da existencia de consignación.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear funcionario en prácticas da Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, clase Policía Local, Escala básica, categoría Policía (AS2-/164), a Dña. Judit Dopico García, segundo a comunicación da Escola Galega de Seguridade, e con efectos do 27 de abril de 2022, data na que comenza o curso selectivo de formación.

SEGUNDO.- Establecer como retribucións a percibir polos funcionarios en prácticas, as estipuladas no Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

TERCEIRO.- Publicar no Boletín Oficial da provincia de Lugo(BOP), dita resolución, segundo o establecido na orde do 05 de outubro de 2021 (DOG do 22 de outubro 2021).

CUARTO.- Notificar a presente Resolución á interesada, a Academia Galega de Seguridade Pública, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e ao Inspector Principal da Policía Local.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 21 de abril de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García, Ante mín,- A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 0951

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/31962

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 16 de marzo de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Antonio González López, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0179 l/s de agua procedente de dos pozos sitos en el lugar de Vilaravides, parroquia de Rosende (Santa Mariña), término municipal de O Saviñao (Lugo), con destino a riego de 0,18 Ha.

Lugo, 13 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 0952